

Museos e Arquivos

Warburg Library

Visitamos a sede da Warburg Library en Hamburgo; para unha vindeira achega deixamos a visita realizada a sede de Londres.

O fundador

Aby Warburg naceu en Hamburgo no 1866 e morreu sendo un estudoso moi respectado no 1929, continuando viva a súa obra na biblioteca que creou: as sedes da Warburg Library en Hamburgo e na Universidade de Londres. Fillo dunha importante e antiga familia de banqueiros, cuxas actividades continúan aínda hoxe no fondo de inversións Warburg, considerábase hamburgués de corazón mais florentino de espírito. Pasou en Italia grandes tempadas e as súas investigacións centráronse no Renacemento.

De neno Aby propúxolle ao seu irmán pequeno a cesión da súa primoxenitura a cambio de dispoñer de diñeiro para mercar todos os libros que quixer, o seu irmán aceptou. Warburg comezou así a súa colección, que a principios de século pasou a se converter nunha grande biblioteca privada de enorme interese para os estudosos e nos



Sala central da Warburg.

anos '20 transformouse nun edificio destinado ao uso público; todo pagado co propio diñeiro da familia Warburg. O edificio que se construíu cando a biblioteca pasou de ser persoal a pública segue aberto en Hamburgo.

A Biblioteca

Aí está a orixe da Warburg Library, biblioteca que funciona aínda hoxe, adscrita á Universidade de Londres, onde chegou escapando do nazismo o seu fundador; mais tamén continúa na súa sede orixinal, o magnífico edificio que construíu Aby Warburg para albergar a súa colección, aínda que tamén como sede dun centro de estudos da supervivencia da antigüidade clásica. A Warburg Library londinense é hoxe un dos mellores centros para o estudo das humanidades e a sede hamburguesa, manténdose no edificio orixinal co seu mobiliario, no que fica unha réplica da primitiva colección.



Fachada da Warburg Library, Pedro Incio.

Os libros, as súas instalacións e o seu persoal fuxiron dos nazis no ano 1933 e o barco arribou á cidade de Londres, nun ambiente plenamente convulso. Os xudeus escapados traballaron coas tropas británicas na loita contra o holocausto, e ao terminar a guerra a biblioteca incorporouse á Universidade de Londres como “Instituto Warburg”. Continúa alí, sendo a máis completa biblioteca para o estudo da historia da arte; e pode presumir de que o 40% dos seus fondos non constan na colección da British Library.

A Biblioteca do Instituto Warburg alberga 350.000 volumes, a colección máis grande do mundo centrada na historia da tradición clásica e na supervivencia do antigo; conta ademais cunha colección de 2.500 publicacións seriadas. Neste século incorporou as coleccións electrónicas aos seus fondos; mais tamén utiliza o dixital para facilitar o acceso ás coleccións propias e para explicar o seu sistema de clasificación.

Aby entendía o estudo da historia da arte cun esquema moi amplo do coñecemento, pois pensaba que para entender e sentir as obras era necesario coñecer a sociedade e as súas loitas, a evolución do pensamento e as súas mutacións, a representación visual e as súas metáforas e, por suposto, as palabras e as cousas. Este singular sistema de clasificación de AB: palabra → imaxe → orientación → acción,

continúa en uso na Warburg Library. A palabra dá lugar aos ámbitos de Lingua e literatura e tamén a Supervivencia da tradición clásica. A imaxe abrangue desde a Arte preclásica á moderna, a orientación é referida á Relixión, a Ciencia e a Filosofía, e a acción nos entrega aos cambiantes mundos da Historia política e social. O esquema foi adaptado ao noso novo mundo a través da páxina web da biblioteca. Un sitio onde poden pasarse horas entre a máis completa colección de documentos antigos: textos e imaxes ao noso dispor, pois o seu obxectivo é dispor na rede de todos os materiais que, libres de dereitos, nos poden ilustrar sobre o *leit-motiv* da colección: o renacemento do Renacemento.

A web permite cumprir tamén co sistema de ordenación de Warburg, quen dicía que un libro debía estar recollido entre as leis de boa veciñanza, que un libro debía estar rodeado dos seus iguais, de xeito que un procurar un título cando o que precisa é xusto o que máis preto ten, o seu irmán, o que ten ao carón. A web da Warburg Library permítenos isto: ir dun libro a outro, dun documento ao seu veciño, dunha imaxe á súa irmá; é a riqueza do hipertexto, que nos envolve nunha espiral de coñecemento.

Continúa tamén vivo o camiño que Warburg iniciou nos estudos de historia da arte. As súas ideas deron lugar á chamada ‘escola iconográfica’ ou ‘iconolóxica’, a máis recia das tendencias historiográficas do século XX, que ten dado lugar a grandes estudos de grandes autores. “Deus está nos detalles”, dicía Warburg, a esencia e a exixencia do historiador da arte é descubrir eses pequenos detalles; a idea chegou a Warburg desde Nietzsche e ten outros moitos presuntos autores.



Instantánea actual do interior da Warburg, Pedro Incio

Unha visita

Na primavera de 2014 visitei a Warburg Library de Hamburgo. Timbrei e, despois de manifestar o meu interese, a profesora que me abrira a porta, sen cita previa, deixoume só na sala de lectura tras comentarme que se celebraba un seminario na biblioteca e que non me podería adicar maior atención.

O edificio aparece marcado na súa fachada con tres grandes letras: K.B.W. *Kulturwissenschaftliche Bibliothek Warburg*, Biblioteca Warburg para a Ciencia e a Cultura. Ao entrar recíbenos a nai das musas, a Memoria. *Mnemosine* pódese ler na porta, o contrario da falta de esperanza coa que Dante nos describe a entrada ao Averno. A sala é magnífica, non por casualidade ten forma de elipse, cunha

lanterna fermosísima, fiestras que dan ao xardín nunha das súas paredes, estando as outras tres forradas de libros.

A biblioteca de Hamburgo funciona sobre todo como Centro de Investigación de Iconografía Política e Centro de estudos de postgrao. Desenvolve catro liñas de traballo: o índice de imaxes de iconografía política, para analizar o papel das artes visuais na comunicación e a información política; a propia biblioteca; a colección de orixinais de Warburg; e a Warburg Electronic Library; a biblioteca celebra seminarios arredor de historia da arte, mais tamén se estuda a iconografía do poder.

Percorrín a sala de lectura e revisei varios libros: a primeira edición da Enciclopedia francesa, libros miniados, as obras de Sigmund Freud, unha historia da arte española, volumes de Thomas Mann e Carl Gustav Jung. A luz entraba na Biblioteca desde o xardín e tamén pola magnífica bóveda co seu óvalo en forma de flor; os estudantes co seu barullo, o pasar dos folios e o encantador olor da madeira e os papeis.

A tribuna do orador e enfronte os paneis das conferencias como anticipación do hipervínculo. Warburg ditaba as súas conferencias ilustrándoas con paneis: un conxunto de imaxes coas que el explicaba, de aquí para aló, os camiños da historia da arte: “como os deuses gregos se tiñan metamorfoseado en imaxes astrolóxicas, como estas mutaran despois en estraños seres, en damas e cabaleiros medievais dotados de raros atributos e signos, como esta corte inaudita chegara a ser, outra vez, a manifestación do Mundo Antigo”. Este é o gran misterio que Warburg quixo descifrar: “a pervivencia da Antigüidade, como as imaxes, mais tamén o sistema de valores de aqueos e dorios, alcánzannos”. Esta viaxe descoñecidos, Warburg sufría e esta profundidade á que chegou no seu camiño órfico levouno ao psiquiátrico.

Saíu do panóptico con renovadas forzas e regresou a Hamburgo, a súa cidade, onde completou a súa biblioteca; sempre mutante, cambiando os libros de sitio, pois aparecía unha nova orde, unha nova relación de causa-efecto, unha serie rutilante de alianzas, todo trastocaba todo. Tamén continuou cos seus estudos, adicou os seus últimos anos a investigacións nas que procuraba non só esa pervivencia das formas, senón do espírito: como os engramas da Antigüidade, o pouso psíquico que temos herdado dos clásicos, nos rodean tamén no noso tan pequeno mundo.

Pedro Incio



Dintel da entrada pondo en valor a “Memoria”, Pedro Incio.